

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 21 DE XULLO DE 2023

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M^a Carmen
Presedo Garazo, Antonio

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Barriocanal López, Yolanda
Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María
Pérez Rodríguez, Fco. Javier
Reboreda Morillo, Susana
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Uña Álvarez, Elena de

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón
Domínguez López, Ángel

Estudantes

Domínguez Carrera, Lucía
Rodríguez Álvarez, Lucía

Excusan asistencia

PDI

Estudantes

Rama Mosquera, Alejandro

A reunión realizase de xeito presencial na sala de profesorado (Edificio de Facultades) e de xeito telemático na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Historia, coa participación dos membros que se citan á marxe o venres 21 de xullo ás 12,30 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de xuño de 2023.
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, da modificación do horario de Historia das relixións (luns 09:00-12:00h.).
4. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos, xa validados en Comisión de Calidade:
 - 4.1. Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Historia para o período 2023-2026 (R1 DE 01).
 - 4.2. Seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Historia.
 - 4.3. Prórroga do procedemento para o seguimento e control da docencia (R4-DO0201 P1).
 - 4.4. Prórroga do procedemento para a xestión das prácticas académicas externas (R1-DO0204 P1).
5. Asuntos de urxencia.
6. Rolda de intervencións.

O decano da lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpam a súa ausencia a sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de xuño de 2023.

Non se recibiu ningunha proposta de modificación. A Acta é aprobada por asentimento.

2. Informe do presidente.

Comeza o decano comentando os datos de matriculación nesta data. En total son os 33 matriculados no grao, aos que hai que sumar 5 no PCEO que computan a metade. En Turismo tiñan so 13 matriculados o que fai que o PCEO se resinta tamén da caída da demanda.

En relación co anterior, sinala que o programa de bolsas da Deputación, que financiaba na práctica as matrículas, non obtivo grandes resultados no Grao de Turismo. Trátase dunha situación complicada pola existencia de factores que escapan ao noso control, así, nos institutos cada vez hai menos alumnado en xeral e menos alumnado que cursa humanidades; cada vez é mais clara a competencia da formación profesional; inflúe tamén a caída demográfica; e, finalmente, entran en xogo decisións políticas que nos afectan, especialmente o incremento do 10% de prazas no Grao na Universidade Santiago, que en caso de cubrirse completamente significaría unha redución do alumnado que estaría en disposición de matricularse no noso Grao.

Hoxe remata este prazo de chamamento de matrícula, haberá outro agosto e temos que agardar para coñecer se se cobren as prazas.

Comenta a Vicedecana Carmen Arribas que o novo prazo ábrese a semana que ven, para que se matriculen aqueles alumnos/as que realizaron a EBAU en xullo.

Pregunta a prof. Susana Reboreda se so faltan 7 alumnos/as para chegar ao número necesario.

Responde o Decano que faltarían 7 para os 40 do Grao pero que, para os 45 que piden a nivel de titulacións, faltan 9,5 tendo en conta como se computan as prazas de PCEO.

A prof. Susana Reboreda indica que aínda queda tempo. Trátase dunha situación tensa, pero que confía en que finalmente se chegará á cifra necesaria.

En segundo lugar, informa o Decano sobre o PAT, cuxo informe será validado pola Comisión de Calidade en outono, pero se poden anticipar

algunhas cosas. Así, destaca que se conseguiu incrementar a participación do alumnado nas xuntanzas de seguimento; neste punto parece que deu bos resultados o nomeamento de titores/as específicos para o PCEO. Tamén se incrementou a realización do cuestionario final de satisfacción, pero aínda que se multiplicou por catro a participación segue sendo desexable que se incremente mais. Neste senso comenta aos titores de curso, que un bo momento para facer o anexo IV sería na última xuntanza do segundo cuadrimestre; porque é previsible que participe máis alumnado e tamén os resultados reflictan máis fielmente a opinión do alumnado que realmente está interesado no mesmo.

Analizando os informes recibidos, destacan algunhas cuestión: hai alumnado que agradece a gravación e emisión das clases; algún que se queixa de algún profesor ou profesora concreto que non o fai. Nin a Memoria do Título nin o Regulamento de Profesorado contempla a obrigatoriedade de gravar as clases, pero quere transmitir o que é unha preocupación de algúns alumnos/as. En relación ao alumnado semipresencial comenta que tivo que explicar en mais dunha ocasión una frase que aparece na publicidade que se lle da e que non é interpretada de xeito correcto por algún alumno ou alumna. O acceso a través da plataforma de teledocencia aos materiais, nalgúns casos enténdese que inclúe as clases gravadas e non o material posto á súa disposición a través de MooVi. Finalmente, unha queixa que aparece ciclicamente é a acumulación de tarefas no remate do cuadrimestre, aínda que isto en moitos casos máis parece responder a que a inmensa maioría do alumnado vai deixando o traballo para o final e se lle acumula no remate do cuadrimestre.

3. Aprobación, se procede, da modificación do horario de Historia das relixións (luns 09:00-12:00h.).

Comenta o Decano que ao revisar Carmen os horarios, detectou que faltaba unha hora na materia Historia das Relixión, que agora se corrixe.

Apróbase a modificación por asentimento.

4. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos, xa validados en Comisión de Calidade:

Sinala o Decano que habitualmente os informes validados previamente na Comisión de Calidade non ocupan moito tempo nas reunións da Xunta de Facultade pero que, pola importancia destes documentos, convén prestarlles algo máis de atención e aprobalos individualmente.

4.1. Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Historia para o período 2023-2026 (R1 DE 01).

Trátase dun programa elaborado en sintonía co Plan Estratéxico da Universidade. Define liñas estratéxicas do centro no medio prazo. Lembra o procedemento, que principiou co nomeamento dunha comisión que presentou un primeiro borrador (elaborado polo coordinador, a

colaboradora de calidade e o decano), abriuse despois un período de achegas dos membros da Comisión de Calidade, que se incluíron no documento enviado para a súa revisión pola area de calidade da Universidade; posteriormente abriuse un prazo de exposición pública páxina web da Facultade e, finalmente, foi validado en Comisión de Calidade. Agora propónse para a súa aprobación en Xunta de Facultade, para logo proceder a difusión do mesmo.

Trátase dun documento que integra a todos os membros da nosa comunidade e nel realízase unha análise o mais detallada posible da nosa contorna. Os resultado desta análise no invita a ser moi optimistas, sobre todo por algúns aspectos xa comentados como a caída demográfica. A partir destes datos, se elaboran liñas estratéxicas de actuación e os obxectivos de calidade derivados dela.

Agradece o Decano a labor de todos os que contribuíron a redacción final deste documento.

O Programa de Desenvolvemento Estratéxico é aprobado por asentimento.

4.2. Seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Historia.

O que se somete a aprobación da Xunta é a renovación da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade. O que se levou a cabo foi unha actualización do Plan de Melloras e dos documentos que conforman o Sistema de Garantía e segue as pautas doutros anos.

O seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade é aprobado por asentimento.

4.3. Prórroga do procedemento para o seguimento e control da docencia (R4-D00201 P1).

Este documento establece o procedemento para o seguimento das nosas obrigas docentes, co obxectivo de analizar esa actividade docente e garantir esa docencia de calidade. Un documento tamén busca que a comunidade universitaria teña acceso a todo o proceso de planificación e seguimento da docencia. Indica o Decano que non se teñen producido queixas en relación con esta cuestión e por iso se propón a súa prorroga.

A Prórroga do Procedemento para o seguimento e control da docencia é aprobado por asentimento.

4.4. Prórroga do procedemento para a xestión das prácticas académicas externas (R1-D00204 P1).

Como no caso anterior parece funcionar axeitadamente, modificouse o pasado curso académico e agora se presenta unha prorroga do anterior.

A prórroga do procedemento para a xestión das prácticas é aprobado por asentimento.

5. Asuntos de urxencia.

Non constan

6. Rolda de intervencións.

O prof. Fermín Perez Losada comenta que no Mestrado de Patrimonio agardábase competencia de outros mestrados similares implantados na Universidade de Santiago, pero que aínda con iso houbo xa 27 solicitudes no primeiro período fronte as 31 do pasado curso. Destaca o número de estranxeiros que cobren as 5 prazas. O anterior non quere dicir que se acaben por matricular todos. No resto do alumnado o perfil é basicamente de humanidades (Xeografía e Historia, Historia da Arte ou Belas Artes), deles só 3 ou 4 procedentes da nosa facultade. Remata por cualificar o resultado deste prazo matricula como bo.

A profesora Susana Reboreda comenta que no Mestrado de arqueoloxía hai 7 preinscritos, non se sabe aínda cal será o número final de matriculados. Destes, 4 son alumnos da nosa facultade. Aínda que compre agardar para coñecer o número de matriculados finais, destaca que nunca houbo tantos preinscritos, aspecto co cal coincide a profesora Beatriz Comendador.

Indica o prof. Fermín Pérez Losada que coinciden algunhas inscricións do Mestrado de Arqueoloxía co de Patrimonio; e tamén coinciden os procedentes da Facultade. Despois decidirán en que se matriculan definitivamente. Efectivamente é o número máis elevado de inscritos.

A prof. María Lopez pregunta polo período de matrícula nos máster, ao que responde o prof. Fermín Pérez Losada que o primeiro prazo remata a final de mes e primeira semana de agosto. Comenta a profesora María López que con este prazo os Master permiten recoller ao alumnado que se tivo que presentar na convocatoria de xullo, ao que responde o prof. Fermín Pérez Losada que así é. Aínda que hai algúns que están pendentes da nota do TFG, teñen a opción de se matricular no último período a finais de agosto e comezo de setembro.



Remata a sesión ás 12,52 h do día 21 de xullo de 2023, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro